

CHARO PITA

projects

OS FONOCONTOS *Finist, falcón brillante*

O mellor dos entretementos para todos os públicos agárdanos con este espectáculo entre o teatro e a música, onde as actrices, sen ningún tipo de atrezo, van contando a historia de orixe rusa “Finist, falcón brillante”, na que o corpo e os xogos músico-vocais (ritmo, entoación, canon, polifonía falada...) serven de sorprendente escenografía ao narrado. A sonoridade das voces e a máxica ambientación dos relatos combínanse coa participación dos músicos do Grupo Instrumental Siglo XX, que potenciarán a escoita grazas á interpretación das súas pezas e aos seus efectos sonoros.

Lina Pérez_conto
Charo Pita_conto
Grupo Instrumental Siglo XX
Florian Vlashi_dirección

LAIS E CANCIÓNS DE TROBADORES DO SÉCULO XIII *espectáculo contístico-musical*

Adaptación dunha serie de miniaturas lendarias, baseadas nos contos de María de Francia e en lais anónimos bretóns, nun espectáculo que combina a narración coas músicas de trovadores dos séculos XII e XIII do norte de Francia, interpretadas cunha arpa románica, e que recrea o universo fabuloso, histórico e cortesán do medievo.

Manuel Vilas, arpa románica
Charo Pita, canto, conto, percusión

O XUÍZO DA ADÚLTERA FILIPA

Espectáculo músico-teatral no que tres músicos e unha cantante nos contarán historias do *Decamerón* de Boccacio e do *Conde Lucanor* de D. Juan Manuel, acompañados pola música do Trecento italiano e do Renacemento español.

Charo Pita, canto e conto
María Giménez, canto e percusión
Xurxo Lois Varela, viola da gamba
Valentín Novio, viola de man

CANCIÓNS E ROMANCES DA ESPAÑA DAS TRES CULTURAS

Os romances narran episodios que nos achegan a un contexto histórico alleo pero ao tempo próximo onde se plasma a convivencia entre tres culturas, tres relixións, tres linguas, tres xeitos diferentes de entender o mundo. Sempre entre a palabra e a música, atendían por igual o feito narrativo e o melódico e artellaban eficazmente a fonética co ritmo. Nun esforzo por recrear e mesmo por integrar esas tres culturas, Xograresca tenta combinar a forza da palabra co pulo musical que a envolvía para cantar historias e, ao tempo, contalas. Un espectáculo de música, historias contadas e poesía.

Charo Pita, canto e conto
María Giménez, canto e percusión
Andrés Díaz, viola de man e frautas
Diego Rojo, *oud*

AS OLLOFÁBULAS *Espectáculo de música, debuxo e narración*

Nunha época onde a fronteira entre as diferentes manifestacións artísticas non se sente clara; onde a inspiración que nutre toda creación provén, como no Humanismo, de fontes nas que se entrelazan actividades e coñecementos diversos; onde mesmo na educación dos cativos se fala da multidisciplinariade entre materias; propoñemos unha irmandade visual e auditiva que xunta nun mesmo acto imaxe, palabra e música.

Charo Pita, canto e conto
Andrés Díaz, frautas, viola de man e chirimía
Óscar Villán, debuxo

A ESQUINA DO MUNDO

A esquina do mundo é o lugar onde todo conflúe; un punto de encontro. Nese lugar indefinido, os sucesos máis cotiáns mudan de sentido e os máis extraordinarios acadan un aspecto moito máis simple sen nós decatarnos.

Así, exposto a todos os ventos, nace un espazo propicio á fabulación, unha montaxe de contos que xorde a partir dos máis sinxelos interrogantes: Pode unha profesora de instituto converterse nun mito? Para que quere un bico unha muller de 97 anos? ¿Qué sucedería se a muller coa que vivimos se esgazase en mil anacos?...

A esquiña do mundo é un espectáculo baseado en contos de tradición oral, historias propias da encantadora e relatos de autores galegos (Cunqueiro, Manolo Rivas...), historias, todas elas, enraizadas no medio sociocultural galego (unha historia que se desenvolve nun instituto, outra que acontece na emigración...).

A sesión de contos remata cun pequeno coloquio no que a narradora invita a participar os alumnos, contestando ás preguntas que estes lle queiran facer.

Duración aproximada: 50 minutos.

Público ao que vai dirixido: alumnos de ESO e bacharelato.

DE ORBALLOS E OUTROS RECUNCHOS

Espectáculo de historias no que a palabra faise ollada no fondo das relacións humanas: fábulas deses amores posibles e imposibles que argallan día a día os ritos máis fantásticos de cortexo, apareamento e convivencia, onde a felicidade, lonxe de se definir como a sinxela satisfacción do que se arela, se converte nun baúl misterioso que endexamais remata de abrir.

Duración aproximada do espectáculo: 60 minutos.

Público ao que vai dirixido: adultos.

MENÚ DE CONTOS

Existen encontados de moitísimos tipos: princesas, sapos, bruxos, bonecos, trens, fabas, reis, lúas, xabesubupanpasus, dragóns, camelas... todas e todos encontados en palabras. Como os tomates en conserva ou os mexillóns en escabeche. E a lata vaise abrindo pouco a pouco, frase a frase, dicindo moi pachorrenco cos labios relaxados e as

orellas frescas. É importante sentir nos oídos o sabor peculiar de cada historia. Iso alimenta. Como o leite condensado ou os melocotóns doces. Hai historias salgadas ao xeito das patacas fritidas, sempre alegres e riseiras. Outras son misteriosas coma os paquetes de gotogrós que xa non se venden nas tendas. Hai historias tristes coma os botes de espárragos e tan tenras coma os filetes de pescada. Depende do menú do día. De como veña a encantadora. De como sexa a fame dos que escoitan. Pero todas dun xeito ou doutro axudan a medrar porque teñen vitamina I de Imaxinativas.

DURACIÓN APROXIMADA: 50 minutos.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO: nenos de infantil, e os tres ciclos de primaria.

FIANDO CONTOS

Espectáculo de contacontos en **galego e inglés** coa colaboración de **Tim Bowley**, un grande narrador británico con 20 anos de experiencia que ten percorrido Europa e América, enfeitizando o público coas súas historias.

Eles tráennos contos de tradición oral de varias culturas do mundo: as lendas o Rei Artur, contos de fadas europeos, historias celtas, relatos dos indios americanos, contos sufís e de orixe cen... fiando así un tecido irresistible de maxia e comedia.

Para os rapaces será unha oportunidade de gozar aprendendo. Marcharán coa sensación de entender mellor o inglés e de ter feito unha viaxe fantástica por mundos imaxinarios.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO: todos os públicos.